CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2022/8

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, xoves 11 de agosto de 2022 -

No día da data, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria-interventora accidental, que subscribe, co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
RAMÓN ABUÍN GÓMEZ
ANA MUÑIZ ABUÍN

BNG
XOÁN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
SERGIO JOSÉ BOGA GÓMEZ
JOSÉ PABLO CARBAJAL IGLESIAS

Unidade Veciñal de Dodro
ABEL TARRÍO ABUÍN
XOÁN XOSÉ VICENTE FRANCO

AUSENCIAS:
PP
ADRIANA SÓÑORA BUSTELO
VALENTIN ALFONSIN SOMOZA
M. SOLEDAD BOGA GRELA (Escusa a súa ausencia con chamada telefónica o 09.08.2022)

SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL:
MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ EXPÓSITO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ORDE DO DÍA

A) DACIÓN EN CONTA:

1.DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA
2.DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIOS DO 2º TRIMESTRE 2022
3. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS.

B) DELIBERACIÓN E ACORDO
4.APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES
5.APROBACIÓN SE PROCEDE DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2021
6.OUTORGAMENTO, SE PROCEDE, DO TÍTULO HONORÍFICO DE FILLA ADOPTIVA DO CONCELLO DE DODRO Á POETA ROSALÍA DE CASTRO, A TÍTULO PÓSTUMO.

C) MOCIÓNS:
7.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE DODRO
8.MOCIÓNS DE URXENCIA

D) CONTROL DO GOBERNO
9. ROGOS E PREGUNTAS

PROPOSTAS ORDINARIAS

O alcalde, Francisco Xabier Castro: "B*oas tardes a todos, imos dar inicio a sesión ordinaria do Pleno da Corporación do mes de agosto, cando son as oito da tarde, en primeiro lugar temos:"*

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA

Procédese co primeiro punto da Orde do día, que a a continuación se transcribe de xeito literal:

"Exp.: 2022/G006/000216
Asunto: Resolucións da Alcaldía

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Dáse conta das resolucións que van desde o número 192/2022 ao 349/2022, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís".

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das Resolucións da Alcaldía indicadas.

2. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIOS DO 2º TRIMESTRE 2022

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

*"**Expediente:** 2022/G006/000217*

***Asunto:** Dación conta remisión Informes económico-orzamentarios do 2º trimestre 2022*

***Trámite:** Proposta para o Pleno*

Dáse conta da remisión de información económico-orzamentaria a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais e Tribunal de Contas:

-Periodo Medio de Pago do 2º trimestre 2022 (enviado o 29/07/2022)
-Informe de execución trimestral do 2º trimestre 2022 (enviado o 29/07/2022)
-Esforzo fiscal 2020 (enviado o 29/06/2022)

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís".

Os concelleiros e concelleiras quedan informados da dación conta remisión informes económico-orzamentarios do 2º trimestre 2022.

3. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vou facer eu uso deste punto e mais o concelleiro de educación, o señor Abel Tarrío.*
Eu, para decir que o pasado día oito, aprobouse o acordo de reestruturación parcelaria do monte da zona Dodro-Laíño II, e que nos convocan o día 22 deste mes de agosto, no pavillón polideportivo ás 11:00 horas a todos os propietarios, e que o pleno o saiba tamén por boca do alcalde. E como outro punto da dación en conta, concédolle a palabra ao concelleiro de

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Educación Abel Tarrío, para que deé conta da concesión dunhas obras que se van acometer aquí no concello e paréceme son moi importantes para todos e que se coñezan no Pleno que é onde entendemos algún de nós que e se deben falar estas cousas. Abel, por favor"

Abel Tarrío Abuín, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: "*Bueno, boa tarde, vou dar conta un pouco do traballo que fixo o goberno municipal nun tema que é de actualidade e que é público xa, é a inversión de mais de 1.400.000€, no arranxo do CPI, que é unha inversión importante, e bueno, vamos dar conta do traballo que fixo este goberno e vou dar conta do que é demostrable, e dicir, correos electrónicos, reunións etc, outro traballo non é demostrable, como chamadas por teléfono ou conversacións con outras persoas..., pero do que é demostrable vou dar conta aquí.*

No 2019, o 7 de agosto, solicitamos unha reunión coa Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, o 19 de setembro do mesmo ano, reunión do alcalde de Dodro, Xabier Castro, conselleiro de Educación e unha representante da ANPA, co Secretario Xeral Técnico da Consellería de Educación, coméntanos que ao estar avanzado o 2019 xa non entra a súa revisión para executar no ano 2020.

O 10 de outubro dese mesmo ano, o 2019 apróbase en Pleno a solicitude de inclusión do CPI Lorenzo Baleirón no plan de dotacións educativas 2016–2021 cos votos a favor dos tres grupos que sustentan o goberno e a abstención do PP.

No 2020 o 24 de febreiro, solicitamos unha nova reunión coa Secretaría Xeral Técnica para tratar o arranxo do CPI e que este ano si que vaia en prazo.

O 18 de maio , en plena pandemia, remítese carta para que a reunión coa Secretaría Xeral Técnica non se pode producir, que as unidades técnicas da Consellería visiten o Centro para emitir un informe.

O 25 de maio, visita o CPI unha unidade técnica, acompañámola o concelleiro de Obras Ramón Abuín e mais eu mesmo, ademais da directora do colexio, ela emite un informe do estado actual do centro.

En outubro de 2020 dende a ANPA, a Dirección do CPI e o goberno municipal , envíase carta a Secretaría Xeral Técnica, solicitando información do arranxo do CPI, de en que situación de encontra, de tramitación, inclusión...

O 20 de outubro do 2020 solicítase unha nova reunión coa Secretaría Xeral Técnica, tralos cambios dentro da propia Consellería de Educación.

O 20 de novembro do 2020, reunímonos coa Subdirección Xeral de Construcións e Equipamentos á cal, acudimos outra vez, o alcalde e eu mesmo e nos transmiten que coñecen a realidade do Centro e nos remiten aos orzamentos da Xunta do 2021 a ver si sae procesado o noso centro.

Revisamos os orzamentos da Xunta e da Consellería de Educación e non, nese caso non viña nada.

O 16 de febreiro de 2021, solicitamos unha nova reunión co responsable da Secretaría Xeral Técnica da Consellería, vía correo electrónico e por teléfono.

O 27 a de abril, reunímonos coa Secretaría Xeral Técnica por vídeoconferencia, onde se nos explica que se valorará en función das necesidades dos centros e dos fondos dos que dispoña a Consellería en conxunto con outros Centros da provincia.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O 13 de agosto do mesmo ano, 2021, visita o CPI unha arquitecta encargada pola Consellería para examinar o centro e redactar un proxecto, as visitas repítense no mes de setembro.
O 11 de novembro dese mesmo 2021, chamamos e enviamos un correo electrónico á Subdirección Xeral de Construcións e Equipamentos para preguntar se foi presentado o proxecto pola arquitecta, e de ser presentado, se se tomou algunha decisión sobre o noso centro, sen resposta.
No 2022, o 13 de xaneiro, solicitamos unha nova reunión, fai uns meses, coa Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación.
E o 17 de febreiro reunímonos con Manuel Vila López, que é o novo secretario técnico da Consellería de Educación, outra vez, o alcalde mais eu mesmo, e é onde nos comentan que teñen o proxecto, que teñen que revisalo e fiscalizalo a Consellería e despois que nolo pasarán ao Concello para que se poida revisar para ver se contén todas as melloras que o sector educativo demandaba.
O 22 de febreiro, visitan as unidades técnicas da Consellería o CPI para recoller a factura da luz, que se fan chegar desde o Concello ao Centro, as facturas de gasoil, revisando puntos de luz, etcétera co motivo da mellora da eficiencia enerxética do edificio.
O 3 de maio chamamos a Helena García Ramos, vicesecretaria xeral da Consellería de Educación para preguntar polo proxecto, se foi revisado, se o podemos ver..., nesa conversa telefónica coméntame que xa foi solicitado o permiso, a licenza de obra no concello, efectivamente unha semana antes, comprobámolo , unha semana antes entraba por rexistro a solicitude de licenza do arranxo do CPI.
Entón, este é o traballo que é demostrable polo goberno municipal, nesas reunións trasladamos dous informes feitos polos técnicos do concello sobre o estado do CPI, esto todo é demostrable. Eso é importante que deramos conta del para que a xente saiba tamén de que maneira se traballou desde o goberno municipal para conseguir o arranxo do CPI."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas. Pasamos aos puntos do apartado B que son de deliberación e acordo"*

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

1. Acta do 09-06-2022
Sométese a aprobación a acta da sesión plenaria do 09-06-2022 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado da Acta: Aprobada

2. Acta do pleno extraordinario a petición do PP do 23-06-2022

Sométese a aprobación a acta da sesión plenaria do 23-06.2022 do pleno extraordinario a petición do PP e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP (María Soledad Boga Grela)
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Por maioría absoluta

Estado da Acta: Aprobada

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

3. Acta do pleno extraordinario do 23-06-2022

Sométese a aprobación a acta da sesión plenaria do 23-06-2022 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado da Acta: Aprobada

5. APROBACIÓN SE PROCEDE DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2021

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPTE: 2022/T017/000001
ASUNTO: CONTA XERAL 2021
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

Vista a Conta Xeral do exercicio 2021, xunto con toda a documentación anexa a esta, segundo a lexislación vixente, que estivo exposta ao público sen que se presentasen reclamacións, reparos ou observacións e que logo de ver o informe favorable da Comisión Especial de Contas, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

CONCELLO DE
DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

***PRIMEIRO**.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2021.*

***SEGUNDO**.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas (e Consello de Contas), tal e como se establece no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e demáis normativa concordante.*

Documento asinado dixitalmente
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: " *Este é o acto final, digamos para aprobar as contas do ano pasado, celebrouse unha Comisión Especial de Contas o día 31 de maio, en donde se aprobou por 4 votos a favor e 2 en contra, o dictame para a probación da conta xeral do exercicio 21 e eu aquí, para explicalo no Pleno, vou repetir sinteticamente o que dixen naquela Comisión de Contas.*
O presuposto, unha vez executado déixanos un remanente de tesourería de 455.663,74€ para sinalar pola miña parte como responsable do grupo de goberno, que cumprimos có límite de débeda, reducindo ademais os préstamos con entidades externas, resultando só pendentes como préstamos os que se suscribiron coa Deputación da Coruña por un importe de 425.256,77€.
Cumpriuse tamén o obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, a pesar de non ser obrigatorios por ocasión da pandemia, que eso eximiu aos concellos de cumprir estas normas. Nós a pesar de isto cumprímolas. O concello cumpriuno e basicamente, ademais, rematamos coa débeda que había externa do concello, non se debe nada a ningunha entidade bancaria, excepto os préstamos que hai coa Deputación, polo tanto, o mesmo que contaba cos votos do informe favorable da Comisión Especial de Contas, tamén lle pido o voto favorable a todo o Pleno. En todo caso, voulle a dar o turno a todos os portavoces. Portavoz partido PP :.

Sergio José Boga Gómez,voceiro do PP." *Nada que dicir*"
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "portavoz de Unidade veciñal, perdón, portavoz do Partido Socialista"
Ramon Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: " *Vamos a ver, trátase deso, ben o explicaches, de aprobar a conta xeral e remitila ao Tribunal de Contas, e como ben dixestes antes, ou como consta no informe de Intervención, que a relación de reparos que se mandaron ao Tribunal, e tamén consta o que, no apartado de conclusións, que a liquidación do orzamento da entidade local, cumpriu o obxectivo de estabilidade orzamentaria e o obxectivo da regra de gasto. Tamén houbera o tema da suspensión da regra fiscal para o ano 2020-2021, polo tema da pandemia, e nos quedaba o superávit de 455.663,74€.*

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O tema das débedas da Deputación, quero resaltar, foran pedidos eses préstamos polo anterior goberno do partido popular, este goberno non solicitou ningún préstamo. Gracias.
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, portavoz do partido Unidade Veciñal"*
Abel Tarrío Abuín, voceiro de Unidade Veciñal: *"Bueno, Unidade Veciñal, como ben dixo o alcalde xa aprobou as contas na Comisión de Contas do 31 de maio, solo facer un pequeno resume dos informes que veñen a este Pleno. O informe favorable da Intervención, o informe sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria da conta ,da un superávit de 373.954,54€, cúmprese o obxectivo de estabilidade orzamentaria e obxectivo da regra de gasto e o informe de liquidación do orzamento de 2021, cumpre a normativa aplicable. Frases que escoitamos na televisión constantemente, pois bueno, tamén as escoitamos aquí. Entendemos que os informes son favorables e que a xestión económica é boa e vamos a votar a favor.*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego"*
Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG: *"Si , nos tamén como na anterior Comisión, imos votar a favor, xustamente porque se está cumprindo coas regras e co que coa desde a Intervención se pedía e secretaria, non hai débeda nada mais que o tema da Deputación, cumprimos coa estabilidade orzamentaria, polo tanto eu creo que o que hai que salientar deste goberno é a boa execución do orzamento e o bo quefacer deste equipo de goberno. Creo que nos temos que felicitar todos por este tipo de exercicio, aquí , a Conta Xeral."*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois moitas grazas a todos, pasamos as votacións entonces".*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Maioría absoluta

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Estado da Acta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

6. OUTORGAMENTO, SE PROCEDE, DO TÍTULO HONORÍFICO DE FILLA ADOPTIVA DO CONCELLO DE DODRO Á POETA ROSALÍA DE CASTRO, A TÍTULO PÓSTUMO.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPTE: *2022/X999/000036*
ASUNTO: *OUTORGAMENTO, SE PROCEDE, DO TÍTULO HONORÍFICO DE FILLA ADOPTIVA DO CONCELLO DE DODRO Á POETA ROSALÍA DE CASTRO, A TÍTULO PÓSTUMO.*

TRÁMITE: *PROPOSTA AO PLENO*

O Regulamento especial para a concesión de honras e distincións do Concello de Dodro publicado no BOP núm. 120, do 29/06/2021 recolle a posibilidade da concesión de honras e distincións a quen teña contribuído ao coñecemento e bo nome do Concello de Dodro ou a quen teña prestado servizos destacados, desenvolvido unha importante carreira ou acadado logros merecedores de ser recordados, que repercutan en beneficio da comunidade veciñal ou da sociedade en xeral, en calquera eido, social, político, cultural, científico, artístico, deportivo, etc, sendo esa unha maneira de saldar a débeda que ten o Concello, e a propia sociedade, con esas persoas e institucións, agradecendo publicamente, e para a posteridade, os méritos que os fixeron acredores de tal recoñecemento.

Considerando que concorrían as anteriores cualidades na poeta Rosalía de Castro, por Resolución da Alcaldía núm.134 de 25/04/2022 resolveuse: "Propor o nomeamento como Filla Adoptiva deste Concello á poeta Rosalía de Castro, a título póstumo; Designar como instrutor do procedemento para acreditar os méritos, cualidades e circunstancias singulares que concorren na poeta Rosalía de Castro, para a concesión desta honra e distinción, a Xoán Xosé Vicente Franco, concelleiro de Cultura e Patrimonio, tendo en conta o establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; Comunicar ao instrutor o nomeamento, habilitándoo para que realice todas as actuacións necesarias previstas no Regulamento; e notificar a don Anxo Angueira Viturro, presidente da Fundación Rosalía de Castro, a presente resolución."

O instrutor do expediente emite informe proposta en data 20/07/2022 que literalmente indica:

"A Resolución da Alcaldía núm. 134/2022 do 25 de abril resolveu propor o nomeamento como Filla Adoptiva deste Concello á poeta Rosalía de Castro, a título póstumo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Así mesmo acordou designar como instrutor do procedemento para acreditar os méritos, cualidades e circunstancias singulares que concorren na poeta Rosalía de Castro, para a concesión desta honra e distinción, a Xoán Xosé Vicente Franco, concelleiro de Cultura e Patrimonio, indicando que se debían practicar cantas dilixencias estimase necesarias e rematada a función informativa, formular a proposta que sería dirixida á Alcaldía, para que, oída a Xunta de Voceiros, se remitise, no seu caso, proposta con todo o actuado, ao Pleno do Concello a fin da adopción do acordo correspondente.

Por parte deste instrutor practicáronse as dilixencias e realizáronse as consultas e investigacións necesarias, a través de conversas co presidente da Fundación Rosalía de Castro e a revisión de documentos aportados por esta entidade, para os efectos de acreditar os méritos concorrentes para o nomeamento da poeta Rosalía de Castro como ***Filla Adoptiva do Concello de Dodro,*** *a título póstumo, crese oportuno sinalar as consideracións seguintes:*

"Rosalía e Dodro

A xeografía vital e literaria de Rosalía de Castro é rica e complexa, pero nela ocupa un lugar de primeira orde o Concello de Dodro. Os vínculos entre Rosalía e Dodro son de dous grandes tipos. En primeiro lugar están os biográficos. María Josefa de Castro, irmá de Teresa de Castro e polo tanto tía de Rosalía, casou en Lestrobe con Gregorio Antonio de Hermida, propietario das Torres de Hermida. Este feito orixinou que Rosalía ó longo da súa vida pasase en diferentes ocasións por esta residencia familiar e mesmo vivise longas tempadas nela con toda a súa familia, cando moraba nela seu curmán José Hermida. Nunha destas tempadas, en 1871, Rosalía deu a luz os fillos xemelgos Gala e Ovidio, que foron bautizados en Santa María de Dodro nunha pía bautismal recentemente restaurada e como demostran as partidas de bautismo publicadas. Hai textos en Cantares gallegos (1863) que se deduce que están escritos en Lestrobe, coma o célebre "Como chove miudiño". Outros están asinados aquí, coma o artigo "Padrón y las inundaciones" e a novela El primer loco, á que lle segue tamén o artigo "El domingo de Ramos", todos de 1881. Tamén están asinadas en Lestrobe cartas a Murguía e a Pondal. Segundo as últimas investigacións, a derradeira obra publicada por Rosalía, En las orillas del Sar, tamén está escrita fundamentalmente en Lestrobe e fai referencia explícita ó cuarto e ás fiestras de que Rosalía dispuña nas Torres de Hermida, que eran as que dan ó sur e ó leste.

Os outros vínculos que Rosalía establece con Dodro son os literarios. Foi Rosalía cantora da Terra de Iria e como tal se deu a coñecer en Cantares gallegos. Precisamente o poema

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

composto desde Lestrobe é unha descrición de toda esta terra, que inclúe boa parte da súa toponimia. Para iso, Rosalía escolleu unha copra popular, de todos ben coñecida, que acabou inmortalizando a Laíño e a Lestrobe:

Como chove miudiño,
como miudiño chove,
como chove miudiño
pola banda de Laíño,
pola banda de Lestrobe.

Xa en Follas novas (1880) Rosalía volve falar dos Laíños no seu poema das Torres de Oeste. A protagonista baixa andando pola beira do río:

A iaugua corría
polo seu camiño
i eu iba ó pé dela
preto dos Laíños
sin poder cas penas
que moran conmigo.

Que Lestrobe era un cento vital e literario de primeira importancia para Rosalía ben o demostra o poema que repetidamente di:

Padrón! ... Padrón!
Santa María... Lestrobe...
Adiós! Adiós!

Que Lestrobe era unha referencia moi querida da nosa autora próbao esta frase de "Padrón y las inundaciones": "Lestrobe sigue siendo un lugar en donde se goza de una alegría y sosiego incomparables". E Dodro neste artigo aparece explícitamente: "Y era de ver allá hacia Dodro y los Laíños fantasear sobre el agua (si se nos permite la frase) a los bosquecillos de robles despojados de sus hojas".

Por último, En las orillas del Sar, cume da poesía española do XIX está fortemente vinculado a Lestrobe a ás Torres de Hermida, onde foron escritos a maioría dos textos e onde se sitúa a

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

voz poética da maior parte do libro. O poema inicial "Orillas del Sar" alude a un paseo que se inicia nas Torres de Hermida. E as ribeiras do Sar son tamén desde logo as de Dodro.

A autora que é todo un emblema de Galicia e nos representa no mundo foi veciña de Dodro, onde viviu, onde tivo e bautizou fillos e onde escribiu textos moi relevantes da súa obra. Amaba especialmente Lestrobe, ó que inmortalizou xunto con Laíño en memorable poema."

Polo que considerando que se seguiron os trámites previstos no artigo 20 do Regulamento de honras e distincións do Concello de Dodro (BOP núm. 120 do 29/06/2021) e en exercicio das facultades outorgadas polo apartado 4 do citado artigo 20,

PROPOÑO Á ALCALDÍA:

Que se efectúe a proposta ao Pleno municipal de nomeamento de Filla Adoptiva do Concello de Dodro á poeta Rosalía de Castro, a título póstumo, polos méritos e circunstancias singulares que nela concorren e arriba expostos.

Documento asinado dixitalmente á marxe
O instrutor do expediente
Xoán Xosé Vicente Franco"

En uso das atribucións conferidas polo artigo 21 do Regulamento de honras e distincións do Concello de Dodro (BOP núm. 120 do 29/06/2021), e oídos os voceiros dos grupos municipais, ***PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL*** *a adopción do seguinte ACORDO por unanimidade ou maioría absoluta:*

PRIMEIRO.- *Conceder á poeta Rosalía de Castro o título de Filla Adoptiva do Concello de Dodro, a título póstumo, á vista do informe-proposta do instrutor do expediente.*

SEGUNDO.- *Notificar á Fundación Rosalía de Castro, representada polo seu presidente don Anxo Angueira Viturro, o presente acordo, indicando que se celebrará, no caso de aceptación do título, acto de entrega do documento oficial en forma de diploma artístico, de acordo co artigo 5.2 do Regulamento municipal.*

TERCEIRO.- *Inscribir no Libro Rexistro de Distincións Honoríficas do Concello de Dodro o título concedido ao abeiro do artigo 27 do Regulamento citado.*

Dodro, documento asinado dixitalmente á marxe
O alcalde

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Bueno, eu, antes de dar paso a lectura do expediente completo por parte do concelleiro de Cultura, responsable do expediente, simplemente decir, que este Concello que me toca presidir a min, nestes días, moitos días, perdón, nestes anos, unha das metas que se propuxo era dignificar o ser de Dodro e empezarmos por dignificar aos nosos persoeiros mais coñecidos.*
O orde destes recoñecementos, pódese discutir ou é discutible. Que Rosalía sea neste caso recoñecida como filla adoptiva do concello de Dodro paréceme de lei, paréceme de sentido común e paréceme tarde. Que teñamos que nos, establecer un regulamento de honras, que nos teñamos que levar a diante este tipo de recoñecementos, despois de 40 anos de democracia e despois de tantos anos de funcionamento deste Concello paréceme, como pouco, digno de mencionar.
Decir que o seguiremos facendo con todos os persoeiros que o merezan, seguiremos traballando polo recoñecemento do noso Concello e polo recoñecemento da nosa xente. Agradecer a todos os grupos políticos que manifestarán despois, na voz dos seus portavoces, a unanimidade tanto neste nomeamento como no anterior nomeamento, que terá lugar a parte definitiva o día 29 de agosto en Lestrobe, xa o adianto. Agradecerlle por anticipado, que sexan nomeamentos por unanimidade, gustaríame que fose así en todos, pero bueno, seguiremos traballando por eso e seguiremos traballando porque Dodro saia a diante e porque este tipo de recoñecementos sexa mais frecuente.
Xoán Xosé, cando queiras, gracias"

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Bueno, boas tardes a todos, vou a ler a proposta ao Pleno do outorgamento, se procede,do título honorífico de filla adoptiva do concello de Dodro, a poeta Rosalía de Castro, a título póstumo... "*
O concelleiro da lectura ao texto da proposta que figura transcrito literalmente ao comezo desde punto.
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois moitas grazas, voulle dar un turno de palabra a cada portavoz. Portavoz do PP, por favor"*
Sergio José Boga Gómez, voceiro do PP: *"Si, parécenos unha moción adecuada, imos a votar a favor."*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Perfecto grazas, portavoz do partido socialista."*
Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"Dodro ocupa un lugar de privilexio na vida e na obra literaria de Rosalía, fálase de Padrón, pero Dodro non é menos, non é menos importante. É unha persoa que viviu en Lestrobe, no pazo da Hermida, tivo fillos bautizados en Dodro e escribiu en Dodro,. Na súa obra literaria, Dodro está presente en moitos dos seus poemas, como pode ser, como chove miudiño pola banda de Laíño, pola banda de Lestrobe, Padrón, Padrón, Santa María, Lestrobe, adiós, adiós. Rosalía é de Dodro, é de Padrón, é de Galicia, é de todo o mundo, en definitiva, e ben merece ese recoñecemento de filla adoptiva deste concello".*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Moitas grazas, portavoz do BNG"*
Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG: *"Eu para redundar un pouquiño e se cadra repetirme, persoalmente, achegueime mais, como di o instrutor do expediente, a esa parte da xeografía vital de Rosalía de Castro, e coñecín da man de Manuel Silva Magariños, que era o*

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

párroco no ano 2012 de Santa María de Dodro, daquela varias regalías que tiñamos na Parroquial de Santa María, biografías medievais e outras, a pía bautismal, a certificación do bautismo que acabamos de escoitar, dos xemelgos Gala e Ovidio. Eu creo que eso fai, que teñamos un peso mais na proposta que temos aquí como se acaba de sinalar, porque tamén Rosalía é Dodro. Toda ela, durante a curta, pero prolífera vida, convértena, desde logo, nun piar fundamental do pobo galego.

Cando se estuda ademais en profundidade, rexorde como ela verdadeiramente era, culta , bohemia, tolerante, patriota xenuína, simbolista, universal, non hai comparación, nas culturas europeas, con Rosalía de Castro. Galega, traballadora, tamén na horta da súa casa da Matanza, cando fixo falta, rompe prexuízos e compara incluso aos galegos de "castellanos de Castilla", coa escravos negros. Hai feminismo activo que vai cando o seu nacionalismo galego, agochado por certo, intencionadamente, en círculos como o da Universidade de Santiago de Compostela. Podemos descubrilo non so na súa literatura, todo isto, se non tamén, nos múltiples estudos que posúe a Fundación que leva o seu nome, que divulga magnificamente nestes momentos. Hai moitos estudos, eu destacaría os últimos de Francisco Rodríguez Sánchez, coa súa análise sociolóxica do 88, ou "Estranxeira na súa patria "no 2010, ou no 2011 que realmente, achéganos á verdadeira veciña que foi Rosalía de Castro.

Ao mesmo tempo, cumprimos ,este goberno, como se acaba de decir unha vez mais, como sinalaba o concelleiro, Xoán Xosé, coa cidadanía , poñendo en valor o noso, e o nos tamén é Rosalía de Castro. Parabéns pola proposta".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois moitas grazas a tódolos portavoces, grazas ao concelleiro por colaborar no informe e que proceda a votación."*

Procédese á votación

Votacións:

Votos a favor: 8

1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado da Acta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Parabéns a todos, e non sei se procede, un aplauso aquí, pero gustaríame que a solemnidade do...*[aplauden]*, recoñezo que non é habitual pero a importancia e a solemnidade do acto, meréceno, e cando sexa de facelo acto formal na Fundación, coa Fundación, volveremos a convidar a tódolos aquí presentes, a todos os que queiran vir. Trataremos de que o acto sexa o que merece o Concello de Dodro, o que merece Rosalía, o que merece a Fundación. Grazas a todos por vir e seguiremos traballando nesta dirección. Pasamos ó punto seguinte porque a vida continúa e o Pleno tamén"*

C) MOCIÓNS:

7. MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE DODRO

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"MOCIÓN PARA MANIFESTAR O NOSO REXEITAMENTO Á RECÉN APROBADA LEI DE MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Dodro, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de ***MOCIÓN****:*

O 4 de novembro de 2013 os daquela conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o presidente da Federación galega de municipios y provincias asinaron un ***"Protocolo de colaboración e desenvolvemento do Pacto Local para a xestión do ciclo urbano da auga"*** *no que se desenvolvían as medidas, a organización e o seguimento* ***acordado*** *entre as partes para a correcta xestión do ciclo da auga e o 13 de febreiro de 2014 constituíuse a comisión técnica para o seu desenvolvemento.*

En 2019, a conselleira de Infraestruturas e Territorio, Ethel Vázquez, presentou un informe sobre a "Problemática e situación da prestación dos servizos de saneamento en Galicia" no que a consellería cargaba sobre os concellos todas as culpas das deficiencias nas infraestruturas precisas para desenvolver unha xestión eficiente do ciclo da auga e propoñía unha ***"Sogama da auga"****,* ***sen consenso*** *co resto das administracións públicas e coa intención*

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*de crear novos entes supramunicipais. Este anuncio foi **rexeitado** con contundencia por parte da **maioría dos concellos**, levando á conselleira a retirar tanto a denominación como o contido.*

*O 22 de xullo de 2021 no Consello da Xunta adoptouse o acordo polo que se autorizaba o inicio da tramitación do **anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga** que, segundo anunciou o daquela presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, sería "un marco normativo que permitirá regular o apoio aos concellos nas súas competencias de abastecemento, saneamento e depuración de augas", cuestión que só quedou nesas declaracións, posto que na posterior tramitación do anteproxecto, as alegacións presentadas por varios concellos, polas deputacións e pola propia Fegamp, nas que se reclamaba que se tratara a **auga** como un **dereito humano** (tal como a define a ONU dende 2010 e sendo o obxectivo de Desenvolvemento Sostible número 6)**,** como un **ben escaso** que hai que protexer, lealdade institucional, interese básico, financiamento e transparencia na xestión, foron rexeitadas pola Xunta de Galicia, tratando de impoñer un modelo no que o goberno galego pon as condicións e aos concellos só lles queda adherirse e pagar ou quedar fóra e asumir toda a xestión do ciclo da auga no seu territorio. É dicir, **un modelo sen diálogo nin consenso** coas administracións implicadas. Unha limitación e recorte da autonomía local, entendida nos termos da Carta Europea de Autonomía Local como o dereito e a capacidade das Entidades locais para ordenar e xestionar unha parte dos asuntos públicos baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.*

*Así, o pasado 28 de xuño aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, unha lei que, a pesar de que establece na súa exposición de motivos que a auga é un ben esencial para a cidadanía e para a actividade económica, un ben patrimonial que hai que protexer, defender e tratar como tal (sen que en ningún momento se estableza que **é un dereito humano**), parte dun entendemento discutible da Directiva Marco da Auga, pois o contido da lei non responde a estas afirmacións e no lugar de entender o ciclo integral da auga como un servizo de interese xeral que compete a todas as administracións, é dicir, entender o ciclo da auga coma un "Proxecto de País" elaborado cun acordo de país, a Xunta de Galicia presenta unha Lei coa peculiaridade de que serán os **concellos** os que **deleguen**, se lles interesa, **a xestión na entidade Augas de Galicia para que actúe como entidade prestadora dos servizos de abastecemento, depuración e/ou saneamento,** mentres que a capacidade sancionadora segue a estar radicada na entidade Augas de Galicia. Así, os concellos de menos de vinte mil habitantes que se **adhiran "voluntariamente"** terán que **achegar dous terzos do custe da totalidade do custe das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento do ciclo da auga, é dicir, as infraestruturas para almacenar, potabilizar, distribuír e depurar**, segundo se recolle literalmente no artigo 26 da dita Lei:*

"Artigo 26. Investimentos sobre as infraestruturas que forman parte da actuación de Augas de Galicia como entidade prestadora de servizos

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

1. No caso das infraestruturas de titularidade das entidades locais, cando no informe previo referido no artigo 24 se conclúa a necesidade de realizar investimentos nas infraestruturas existentes que permitan unha prestación adecuada dos servizos vinculados máis aló dos correspondentes ao mantemento e á conservación delas, Augas de Galicia formulará unha proposta de convenio de colaboración coas administracións públicas solicitantes da asunción, fundamentada en criterios económicos e técnicos, na que se establecerán as condicións para a súa instrumentación e o seu financiamento. Naqueles casos nos cales Augas de Galicia aínda non estiver actuando como entidade prestadora de servizos, o asinamento destes convenios terá carácter previo ou simultáneo ao referido no artigo 21.

2. Para a determinación da participación no financiamento dos investimentos nas infraestruturas existentes previstas na primeira alínea, en cada caso terase en conta as dispoñibilidades orzamentarias de Augas de Galicia, dos concellos e das deputacións provinciais correspondentes e, en xeral, de calquera outra administración ou entidade integrante do sector público que poida achegar financiamento.

***Con carácter xeral,** no caso dos **concellos de menos de vinte mil habitantes**, agás que concorran causas debidamente xustificadas, as entidades competentes participarán no financiamento destas actuacións do seguinte xeito:*

*— **Un terzo** do custo das actuacións de dotación ou mellora das infraestruturas previstas será financiado **pola Administración hidráulica de Galicia**.*

*— **Un terzo** do custo das actuacións de dotación ou mellora das infraestruturas previstas será **financiado polos concellos** titulares das infraestruturas.*

*— **O terzo restante** será financiado **polos propios concellos, pola deputación provincial correspondente, por outra administración ou entidade integrante do sector público ou mediante calquera outra fonte de financiamento.***

3. En todo caso, será imprescindible que a administración titular da infraestrutura acredite a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, así como a obtención das servidumes e das ocupacións temporais que sexan pertinentes, e acorde a súa efectiva posta á disposición de Augas de Galicia.

De ser necesario acudir ao procedemento expropiatorio para a obtención dos terreos, a administración local poderá solicitar a colaboración técnica de Augas de Galicia.

4. Os investimentos sobre as infraestruturas de titularidade de Augas de Galicia serán asumidos por esta, sen prexuízo dos acordos de colaboración e financiamento que poidan subscribirse con outras administracións.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

5. Tras rematarse a execución dos investimentos acordados, a xestión das novas infraestruturas incorporarase ao ámbito da actuación de Augas de Galicia como entidade prestadora de servizos.

De estes investimentos supoñeren unha modificación das condicións de xestión e de prestación dos servizos vinculados, procederase conforme o disposto nesta lei para as modificacións das condicións da asunción da xestión das infraestruturas e a prestación de servizos por parte da entidade pública prestadora".

É un exemplo de libro de lexislar de forma coercitiva, é dicir, influíndo directamente na forma en que cada concello debe prestar os servizos públicos da súa competencia. Auténticas axudas selectivas a un ou outro concello por razóns meramente administrativas (se delegan ou non en Augas de Galicia) o que supón unha discriminación previa dos concellos que están excluídos e, polo tanto, dos seus cidadáns.

A falla de consenso na aprobación desta Lei é unha mostra máis de que o goberno galego no canto de colaborar cos concellos para dar cumprimento a unha necesidade básica da cidadanía, obriga aos concellos a afrontar unha serie de investimentos que en moitos casos non poden asumir obviando que o 93% dos concellos galegos teñen menos de 20.000 habitantes, é dicir: ***"A Xunta invita e os concellos pagan!"***

Do mesmo xeito, aínda que a conselleira afirma unha e outra vez que esta Lei non crea novas cargas para as persoas beneficiarias dos servizos, a realidade é que se crean tres novas taxas e que na propia Memoria económica presentada pola administración autonómica contemplan subidas de case 50 millóns de euros dende o primeiro ano de entrada en funcionamento.

*"**Artigo 30. Canon de xestión das depuradoras***

1. Mediante esta lei establécese a regulación do canon de xestión das depuradoras como tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia con natureza de taxa.

Artigo 48. Canon de xestión das redes de colectores

1. Mediante esta lei establécese a regulación do canon de xestión das redes de colectores como tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia con natureza de taxa.

Artigo 71. Normas xerais

1. Mediante esta lei establécese a regulación do canon de xestión dos abastecementos como tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia con natureza de taxa".

Xa que logo, temos unha conselleira responsable con competencias en augas de Galicia, que xestiona os recursos que son de todos e todas as galegas e presenta a dita lei coma se fose un favor ás entidades locais, manifestando como cuestión fundamental a voluntariedade ou non dos concellos, sen exporse que cando falamos de auga falamos de vida e dun dereito da

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

cidadanía e o goberno autonómico non pode abandonar temas máis importantes para a vida das persoas e para o funcionamento dos sectores produtivos, cando a propia conselleira fala de que dende a constitución da entidade Augas de Galicia se investiron 1.100 millóns de euros en infraestruturas relacionadas co ciclo integral da auga na nosa comunidade, sen revelar que o financiamento desas infraestruturas veu fundamentalmente de fondos europeos, fondos aos que a maioría dos concellos galegos non poden optar individualmente (93% dos concellos galegos teñen menos de 20000 habitantes) e sen que eses investimentos responderan a un Plan estratéxico que contemplase as infraestrutura, os territorios, as contías, o financiamento nin as datas de execución, respondendo só ao criterio da propia consellería, ***cernando a autonomía local.***

O Pleno Municipal acorda:

1. *Manifestar a súa rotunda oposición e rexeitamento ao contido da Lei galega do ciclo da auga que foi aprobada de maneira unilateral polo Partido Popular en detrimento dos intereses das entidades locais.*
2. *Instar á Xunta de Galicia para que elabore neste exercicio 2022 e estando en tramitación o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, un plan estratéxico consensuado coa Fegamp no que se recollan as infraestruturas, o territorio, as contías, o financiamento e as datas de execución.*
3. *Que se arbitren as fórmulas precisas para que a Xunta de Galicia, de acordo co Plan estratéxico indicado no punto anterior, opte aos fondos Next Generation-EU habilitados para o tipo de infraestruturas recollidas no ámbito desta lei.*

Dodro, 29 de xullo de 2022

O voceiro do Grupo Municipal Socialista de Dodro"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: " O portavoz do grupo socialista vai estractar unha moción de varias páxinas"

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"Vamos a ver, como o tempo que teño é limitado, así como consta no regulamento, vou facer, e todos os concelleiros teñen a moción á súa disposición, vou dar un resumo. A moción e para manifestar o noso rexeitamento á recén aprobada Lei de mellora de xestión do ciclo integral da auga.*

O 4 de novembro do 2013, o daquela conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o presidente da Federación Galega de Municipios asinaron un protocolo de colaboración e desenvolvemento do pacto local para a xestión do ciclo urbano da auga, no que se desenvolvían as medidas de organización e seguimento acordado entre as partes para unha correcta xestión do ciclo da auga.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

En 2019, a conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, presentou un informe sobre a problemática situación de prestación dos servizo de saneamento de Galicia, no que a Consellería cargaba aos seus concellos todas as culpas das deficiencias nas infraestruturas precisas para desenvolver unha xestión eficiente do ciclo da auga e propoñía unha SOGAMA da auga, sen consenso. Este anuncio foi rexeitado con contundencia por parte da maioría dos concellos, levando á Consellería a retirar tanto a denominación como o contido.

O 22 de xullo do 2021, polo consello da Xunta, adoptouse o acordo polo que se autorizaba o inicio o da tramitación do anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, según anunciou o daquela presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, sería un marco normativo que permitirá regular o apoio aos concellos, nas súas competencias de abastecemento, saneamento e depuración de auga, cuestión que solo quedou nesas declaracións.

Reclamábase que se tratara a auga como un dereito, tal e como o define agora, como un ben escaso que hai que protexer, lealdade institucional, interese básico, que inicialmente as transferencias na xestión, foron rexeitadas pola Xunta de Galicia. Tratando de impoñer un modelo no que o goberno galego pon as condicións e aos concellos solo lles queda adherirse e pagar, ou quedar fóra e asumir a xestión do ciclo da auga no seu territorio, e dicir, un modelo sen diálogo nin consenso.

Os concellos, a Xunta de Galicia, presentou unha lei coa peculiaridade de que serán os concellos os que deleguen, si lles interese, a xestión na entidade de Augas de Galicia, para que actúe como entidade prestadora do servizo de abastecemento, depuración ou saneamento mestres que a capacidade sancionadora sigue a estar radicada na entidade de Augas de Galicia, así os concellos de menos de 20.000 habitantes, como Dodro, que se adhiran voluntariamente terán que achegar 2/3 do custe da totalidade das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento do ciclo da auga, é dicir, as infraestruturas para almacenar, potabilizar, distribuír e depurar.

Con carácter xeral , no caso dos concellos de menos de 1.000 habitantes, agás que concorran por causas debidamente xustificadas, as entidades competentes, participarán no financiamento destas actuacións do seguinte xeito: 1/3 do custo das actuacións da dotación ou mellora das infraestruturas previstas, será financiado pola administración hidráulica de Galicia, 1/3 do custo da actuación de dotacións ou mellora de infraestruturas previstas, será financiado polos concellos titulares das infraestruturas, o terzo restante, será financiado polos propios concellos, pola Deputación Provincial correspondente, que son os concellos, por outra administración ou entidade integrante do sector público, ou mediante calquera outra fonte de financiamento, en todo caso, será impredecible que a administración titular de infraestrutura acredite a dispoñibilidade dos terreos. Esto é un exemplo de libro, de lexislar de forma coercitiva, é dicir, influíndo directamente na forma en que cada concello debe prestar os servizos públicos da súa competencia, auténticas axudas selectivas a un ou outro concello por razón meramente administrativas, se deleguen ou non, en Augas de Galicia, o que supón unha discriminación previa dos concellos que están excluídos e polo tanto dos seus cidadáns.

A falla de consenso na aprobación da lei, é unha mostra mais de que o goberno galego, no canto de colaborar cos concellos para dar cumprimento a unha necesidades básica da cidadanía, obriga aos concellos a afrontar unha serie de investimentos, que en moitos casos non poden asumir, obviando que o 93% dos galegos, dos concellos galegos, teñen menos de 20.000 habitantes, é dicir, a Xunta invita e os concellos pagan.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Bueno, entón con isto, proponse ao Pleno municipal, acordar que:
1.Manifestar a súa rotunda oposición e o rexeitamento ao contido da lei galega do ciclo da auga que foi aprobada de maneira unilateral, polo Partido Popular, en detrimento dos intereses das entidades locais.
2. Instar á Xunta de Galicia para que elabore neste exercicio de 2022, e estando en tramitación o plan estratéxico de Galicia 2022-2030 un plan estratéxico consensuados coa FEGAMP na que se recollan as infraestruturas, o territorio, as contías, o financiamento e as datas de execución e
3. Que se arbitren as formas precisas para que a Xunta de Galicia, de acordo co plan estratéxico, indicado no unto anterior opte aos fondos Next Generation dos europeos habilitados para o tipo de infraestruturas recollidas no ámbito desta lei"
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vámoslle disculpar porque solo tiña unha palabra en inglés neste texto. Si fora todo en inglés, xa ía ser a cousa mais difícil.*
Voulle dar o turno aos portavoces de cada formación política , portavoz do partido popular."
Sergio José Boga Gómez, concelleiro do PP: *"Nos imos ter que absternos, que non tivemos a tempo a documentación para vela, no nos deixa"*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Perfecto, gracias. Portavoz de Unidade Veciñal"*
Abel Tarrío Abuín, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:*"É unha moción que garda relación con unha que se aprobou xa no mes de decembro, creo que daquela a trouxo o BNG, se mal non recordo, pero que vai un paso maia alá, pois neste tempo, solicitamos unha revisión e, pois non se produxo esa revisión da lei da auga, e dou un paso mais coa súa aprobación pola Xunta. E estamos de acordo cos tres puntos mencionados na proposta. Manifestamos o nos rexeitamento do contido da lei galega do ciclo que auga que foi aprobada polo PP e que baixo o noso criterio perxudica as entidades locais en varios puntos, como é o tema do cofinanciamento das infraestruturas da auga.*
O segundo punto, instamos a que a Xunta elabore un plan estratéxico de Galicia consensuado coa FEGAMP, que é o organismos que fai de interlocutor entre os municipios e a Xunta, non sería lóxico que os municipios intentaran ter unha interlocución directa coa Xunta neste sentido, entonces , a FEGAMP fai ese traballo e entendemos que quen te que entenderse ca Xunta é FEGAMP .
E o punto 3 evidentemente, que a Xunta poida usar os fondos Next Generation da Unión Europea , para infraestruturas tan necesarias neste ciclo da agua.
Como vimos nas últimas noticias, a Rois estanlle facendo unha depuradora que vale cerca de 1 millón de euros, que é lóxico, é financiado, creo que, non sei se ao 100%, pero na súa maioría, pola Xunta de Galicia, entendemos que esa é a fórmula mais axeitada. Un concello pequeno coma Dodro, non podería acometer unha infraestrutura desa envergadura se non é co financiamento que se esta utilizando no caso de Rois e no caso de outros concellos. O noso voto vai ser a favor."
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Portavoz do BNG".*
Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG: *"Eu creo que despois do que acabamos de escoitar poderíamos resumir que isto é un pau, realmente o que temos enriba da mesa, que lle dan a todos os concellos , o partido popular, cá lexislación que ten co tema da auga, eu creo que é irreformable polo que pensamos dende o BNG que necesitamos instar realmente á Xunta elaborar unha planificación integral da auga.*

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Realmente os puntos da proposta que está encima da mesa, coincidimos con eles, e o que pasa é que claro, a opción que nos vemos desde o BNG, como xa dixemos aquí neste Pleno, noutra ocasión, e ver unha planificación integral para toda Galiza, para ter en conta que, pois por exemplo, que non se lle triplique, que pode ser que se lle triplique, tal e como está agora esta situación , as cargas a concellos, a empresas e a particulares, entón, dito isto, vamos a apoiar a proposta, aínda que eu tamén, particularmente teño as dúbidas de que o Next Generation que poida empregarse, ou que vaian a empregalo para beneficiar, porque sería unha estupenda opción, por suposto. Imos a aprobar polo tanto a moción".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Pois moitas grazas, eu antes de pasar á votación o portavoz do partido socialista quere a palabra*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: "*Eu quero defender a miña moción.*

Agradézolle a Unidade Veciñal e ao BNG que se sumen a esta proposta do Partido Socialista. Non así, comparto o que manifestou o voceiro suplente, en esto de que non tivo tempo de ler a moción, tivo o mesmo que os demais concelleiros.

E o de a lei esa galega do ciclo da auga, tamén debe de estar a disposición do grupo, eu creo que lle chegou da mesma forma que aos demais, a través do portal que temos para os cargos electos, de ver alí a documentación do Pleno.

E bueno, eu agora con este agradecemento, bueno, especificaba mais en contenido aquel como era a lei galega do ciclo da auga que pode resumirse que trata dun modelo no que a Xunta invita e os concellos pagan, Igual que dixen antes.

A lei foi aprobada de forma unilateral, sen diálogo nen consenso, por parte co partido popular e vai en detrimento das entidades locais, que terán que financiar os 2/3 do custe das obras. Falaba Abel Tarrío, da depuradora que lle están facendo ao concello veciño de Rois e de Urdilde, por cerca de 1 millón de euros, 850.000 que sufraga a Xunta, de Galicia, e Dodro tamén ten necesidade desas depuradoras, por exemplo a de Dodriño, que fomos pedir financiamento para esa e nos indicaron que tiñamos que poñer por igual, eles poñían 150.000 e que os 300.000 os buscase Dodro, 150.000 o concelloe 150.000 que llos pediramos á Deputación. Un concello coma Dodro, invertir esa cantidade de 300.000€ nunha depuradora, nos parece unha barbaridade, e en cambio outros concellos que son da súa corda, si que o poden facer, e falo de Rois como un exemplo mais.

O que crea as novas taxas para a cidadanía que na propia Memoria Económica presentada pola administración autonómica, recolle subas de case 50 millóns de euros dende o primeiro ano de entrada en funcionamento.

Estipula que serán os concellos os que deleguen, se lle interesa, a xestión na entidade Augas de Galicia, para que actúe como entidade prestadora dos servizos de abastecemento, depuración e o saneamento, mentres que a capacidade sancionadora, segue a estar radicada en Augas de Galicia,así os concellos, como pode ser Dodro que se adhiran voluntariamente, terán que achegar, 2/3 do financiamento da totalidade dos custos das infraestruturas necesarias, para o desenvolvemento do ciclo da agua, é dicir, as infraestruturas para almacenar, potabilizar, distribuír e depurar.

A lei obriga aos concellos a afrontar unha serie de investimentos que en moitos casos non poden asumir, é dicir, repito, que a Xunta invita e os concellos pagan.

A Xunta presume de investir mil cen millóns de euros en infraestruturas relacionadas co ciclo integral da auga sin revelar que o financiamento desas infraestruturas veu fundamentalmente

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

dos fondos europeos, fondos aos que a maioría dos concellos galegos non poden optar individualmente. Sen que eses investimentos responderan a un Plan Estratéxico que recollese as infraestruturas os territorios, as contías, o financiamento, nen as datas de execución, respondendo só, ao criterio da propia consellería, diminuíndo a autonomía local".
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Bueno , pois moitas grazas pola defensa da moción , Moncho. Vamos a pasar á votación."*

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Maioría absoluta

Estado da Acta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

8. MOCIÓNS DE URXENCIA

Ningunha

D) CONTROL DO GOBERNO

9. ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:" *Agora ven o turno de Rogos e Preguntas. Algún rogo, portavoz do PP?*
Sergio José Boga Gómez, voceiro do PP. " *Nada*"
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: " *Grazas, algún rogo mais por parte dalgún portavoz?*"
Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"Eu volvo a rogarlle o de sempre, porque os rogos estes últimos que estamos facendo , lle comunique ao voceiro do PP , concretamente, a limpeza dos postes onde utilizaron para colocar os avisos ou as reunións deses mítines preelectorais.*
E tamén outra cousa que é manifestar que sexa un pouco mais comedido nas manifestacións nas redes sociais, que llo comunique ao voceiro do partido popular, hoxe non presente."
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*"Tomo nota, algún outro rogo mais?"*

PREGUNTAS:
O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"En primeiro lugar, hai tres preguntas do Pleno ordinario do día 9 de xuño, que non se contestaron porque eran relacionadas ca Escola de verán. A contestación a esas tres preguntas que formulou o portavoz naquel momento, entendo que están contestadas porque el mesmo, o día 29 de xullo viu o expediente completo sobre a Escola de verán, e alí se recolle todas... por non aburrir ao Pleno, o portavoz ten a contestación a esas tres preguntas. As preguntas en concreto están nas páxinas 39 e 40 da acta dese día, da acta do día 9 de xuño, non se contestaron, el mismo comprobou as respostas na súa visita ao expediente, que tuvo aquí lugar. Se hai algunha outra pregunta mais, voulle dar un turno a cada portavoz, portavoz do PP "*
Sergio José Boga Gómez, voceiro do PP." *Non*"
O alcalde, Francisco Xabier Castro: " *portavoz do partido socialista*"
Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: " *Nada*"
O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Unidade Veciñal"*
Abel Tarrío Abuín, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: " *Ningunha*"
O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"BNG"*
Xoán Bautista Mariño Abuín: *"Non,non hai ningunha*"
O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Dase por levantada a sesión, grazas por vir e parabéns polo nomeamento de Rosalía como filla adoptiva, grazas"*

Ás 20:48 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria-interventora accidental, dou fe.

Dodro, mércores 17 de agosto de 2022

A secretaria-interventora accidental (Resolución da DXAL do 07/06/2021 e Resolución da Alcaldía núm. 327/2022), María José Rodríguez Expósito

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CONCELLO DE
DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal